

A débeda ecolóxica
Quen debe a quen?


verdegaia 

Pegada ecolóxica

Indicador de sustentabilidade que mide o espazo de terra e auga preciso para producir os recursos que consome unha persoa ou país e para absorber os residuos que xera.




Componentes da pegada ecolóxica global



Déficit ecolóxico

- A capacidade dispoñíbel é a superficie bioproductiva. Se é inferior á pegada ecolóxica, hai déficit ecolóxico.
- En 2003, a nivel global, a pegada ecolóxica excede nun 25% a biocapacidade. Estamos consumindo o capital natural, en lugar de usar só os xuros.


Déficit ecológico global




Distribución da pegada ecolóxica

- Grandes disparidades entre as pegadas ecolóxicas dos países e das persoas, en función dos seus modelos de produción e de consumo e dos seus estilos de vida.
- Calcula a túa pegada ecolóxica en:
www.myfootprint.org

Distribución da pegada ecolóxica




Estados con déficit ou con superávit



“Transgresores ecolóxicos” versus “pobos de ecosistema”

- Terminoloxía aplicada á India que se podería aplicar ao mundo. Contraste entre os países que viven dos seus propios recursos e os que viven dos recursos doutros territorios.
- Non se trata de defender “unidades biorrexionais” autárquicas senón unha economía ecolóxica e un comercio xusto.


A pegada ecolóxica de Galicia



O déficit ecolóxico de Galicia

- Se a pegada ecolóxica de toda a Humanidade fose como a dos/as galegos/as serían precisos tres planetas como a Terra!

Déficit ecolóxico en ha/hab de Galicia (sen biodiversidade)




Balanzo físico da economía española (1955-2000)





Débeda ecolóxica

A obriga contraída polos países enriquecidos a consecuencia do expolio dos recursos naturais dos países empobrecidos, un intercambio comercial desigual e o uso abusivo do espazo ambiental global.



Elementos da débeda ecolóxica

- Débeda do carbono
- Biopiratería
- Pasivos ambientais
- Perda de soberanía alimentaria
- Transporte de residuos perigosos

deuda ecológica


deuda del carbono •
biopiratería •
recursos naturales •
soberanía alimentaria •
residuos tóxicos •



Débeda do carbono


As desproporcionadas emisións de gases de efecto invernadoiro. A apropiación ilexítima da atmosfera e da capacidade de absorción de carbono dos océanos e da nova vexetación.

Figure 14.2 Cumulative Carbon Dioxide Emissions, 1992





Débeda do carbono



Biopiratería

A apropiación intelectual e o usufruto dos coñecementos ancestrais relacionados coas sementes ou o uso de plantas medicinais.



Pasivos ambientais

A extracción excesiva dos bens naturais (petróleo, carbón, minerais, madeira, peixe,...) e o seu intercambio ecoloxicamente desigual, pois estes bens son exportados a uns prezos que non refliten os danos sociais e ambientais.

Pasivos ambientais

Parte dos pasivos ambientais provocados por empresas transnacionais do Norte enriquecido nas súas actividades nos países do Sur.



Perda de soberanía alimentaria

A degradación do ambiente e a explotación de man de obra para establecer cultivos de exportación.



Transporte de residuos

“Imperialismo tóxico”. O comercio internacional de residuos é unha industria lucrativa que leva os residuos orixinados no Norte cara ao sur, onde os custos son menores.



Canto vale a débeda ecolóxica?

- Stock débeda do carbono (2000): 14,5 billóns de euros.
- Stock débeda externa (2000): 1,9 billóns de euros.

Débeda externa e débeda ecolóxica

- A débeda ecolóxica por exportacións mal pagadas e servizos ambientais gratis supera á débeda externa.
- A obriga de pagar a débeda externa e os seus xuros acelera a degradación ambiental e aumenta a débeda ecolóxica.

O pagamento da débeda ecolóxica

- “O Norte debería pagar a súa débeda ecolóxica e “axustar” a súa economía produtiva, que é de feito moi destrutiva e contaminante. ¿Quen lle pon o “cascabel” do “axuste ecolóxico” ás economías ricas?. O único xeito sería a través duns prezos das exportacións de petróleo e outras materias primas que fosen máis altos, deixando asimesmo de fornecer servizos ambientais gratuítos e, en xeral, tal vez cunha regulamentación internacional controlada por unhas Nacións Unidas máis democráticas e ecolóxicas”.

(Joan Martínez Alier e Jordi Roca. “Economía ecolóxica y política ambiental”. Editorial Fondo de Cultura Económica).

Para saberes más

- www.quiendebeaquien.org
- Área de Globalización de Ecologistas en Acción (www.ecologistasenaccion.org)
- “La deuda ecológica española”. Miquel Ortega Cerdá (coordinador). Muñoz Moya Editores Extremeños/Universidad de Sevilla.
- “Informe Planeta Vivo 2006”. Pódese descargar desde a web de WWF/Adena (www.wwf.es).